



**XUNTA  
DE GALICIA**

Colexio de Educación Infantil  
e Primaria Ponte de Xubia  
15010162

Rúa do Foro, 32  
15570 Narón, A Coruña  
T. +34 881938190  
ceip.ponte.xubia@edu.xunta.gal  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceippontexubia](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontexubia)

# PLAN ACCIÓN TITORIAL

# ÍNDICE PLAN ACCIÓN TITORIAL

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEGAL
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. FUNCIONES DOS TITORES/AS
6. ESTRUTURA E PLANIFICACIÓN DO PAT
7. AVALIACIÓN DO PAT

## **1. INTRODUCCIÓN**

O artigo 80 (capítulo V) do decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, indica que:

1.A titoría e orientación dos alumnos/as formará parte da función docente.

2.Cada grupo de alumnos/as terá un mestre/a titor/a que será designado polo director/a a proposta do xefe/a de estudos.

3.O xefe/a de estudos coordinará o traballo dos titores/as e manterá reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

O Plan proporciona os elementos que posibilitan determinadas estratexias de actuación sistemática, a coordinación dos axentes que interveñen e as actividades específicas para lograr o bo funcionamento das titorías nos tres ámbitos: alumnado, profesorado e pais.

A finalidade do Plan debe ir encamiñada ó logro das capacidades formuladas nos obxectivos xerais de etapa, actuando como eixe integrador do proceso de desenvolvemento integral do alumno/a.

## **2. MARCO LEGAL**

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- D. 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Infantil e Primaria.

### **3. OBXECTIVOS**

- Proporcionar ós alumnos unha orientación educativa, conforme ás aptitudes, necesidades e intereses dos mesmos, a través dunha actuación titorial individualizada e planificada.
- Asegurar a continuidade educativa dos alumnos nas distintas áreas, ciclos, etapas, e, no seu caso, transición dun centro a outro.
- Garantir unha guía e axuda personalizada, especialmente a aqueles que presenten n.e.a.e.
- Facilitar a aprendizaxe autónoma dos alumnos/as.
- Facilitar a integración dos alumnos/as.
- Favorecer os procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes e a coordinación co equipo de apoio e o DO.
- Establecer as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado articulando as medidas oportunas de apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o proceso de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e das progresivas decisións.
- Orientar ás familias na súa tarefa educativa.
- Fomentar a participación nas actividades do centro.
- Asesora e coordinar os procesos de avaliación.
- Previr as dificultades de aprendizaxe.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

## 4. CONTIDOS

LIÑAS DE ACCIÓN TUTORIAL	CONTIDOS
1. Comezo do curso	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coñecemento mutuo</li><li>• Integración no grupo</li><li>• Coñecemento dos antecedentes persoais e académicos do alumno/a</li><li>• Establecemento de normas</li><li>• Horarios</li><li>• Dereitos e deberes</li><li>• Reparto de responsabilidades</li></ul>
2. As relacións no grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Autoestima</li><li>• Expresión de sentimentos</li><li>• Estrutura do grupo</li><li>• Habilidades sociais</li><li>• Resolución de conflitos</li></ul>
3. Coñecemento dos alumnos	<ul style="list-style-type: none"><li>• Actitudes</li><li>• Motivación e intereses</li><li>• Aptitudes</li><li>• Rendemento</li><li>• Historia persoal</li></ul>
4. Mellora do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"><li>• Técnicas de estudo</li><li>• Organización de tempos</li><li>• Técnicas de dinámica de grupos</li><li>• Apoios e reforzos</li><li>• Adaptacións curriculares</li></ul>
5. Coordinación coa familia	<ul style="list-style-type: none"><li>• Colaboración educativa</li><li>• Colaboración informativa</li><li>• Colaboración formativa</li><li>• Fomentar a participación das familias nas actividades do centro</li></ul>
6. Coordinación co profesorado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coordinación</li><li>• Planificación e realización de actividades</li><li>• Establecemento de criterios de avaliación</li><li>• Deseño e planificación conxunta</li><li>• Reforzo e apoio</li><li>• Seguimento do proceso de avaliación dos alumnos</li></ul>

7. A avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliación inicial</li> <li>• Revisión de expedientes</li> <li>• Instrumentos de observación e rexistro</li> <li>• Procedementos de información a alumnos e familias</li> <li>• Avaliación da titoría</li> </ul>
-----------------	---

## **5. FUNCIÓNS DOS TITORES/AS**

### **1- En relación co alumnado**

- Atender ás dificultades de aprendizaxe dos alumnos/as, procedendo á adecuación persoal do currículo.
- Proporcionar no principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ó calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Facilitar a integración do alumno/a no grupo e fomentar a participación nas actividades do centro.
- Orientar e asesorar ós alumnos/as sobre as súas posibilidades educativas.
- Abordar os problemas e inquietudes do alumnado.
- Informar ós pais/nais, profesores/as e alumnos/as do grupo de todo aquilo que lles concierne sobre as actividades docentes e o rendemento académico.
- Atender e coidar , xunto co resto de profesores/as, ós alumnos/as nos períodos de recreo e noutras actividades non lectivas.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercutan no rendemento académico do alumno/a.
- Facilitar a aprendizaxe autónoma e os procesos de desenvolvemento.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado.

- Fomentar as actitudes participativas e habilidades sociais dos alumnos/as.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e da progresiva toma de decisións.
- Aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.
- A investigación, a experimentación e mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

## 2- En relación coa familia

- Informar ás familias de todo o relacionado coas actividades docentes e rendemento académico.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao grupo de alumnos/as.
- Facilitar a cooperación educativa entre os profesores/as e as familias.
- Fomentar a participación das familias nas actividades do centro.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Orientar ás familias na súa tarefa educativa.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

## 3- En relación co profesorado

- Participar na elaboración e posta en práctica do PAT.
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe/a de estudos.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo e adoptar a decisión que proceda acerca da promoción dos alumnos dun ciclo a outro, previa cita dos pais.
- Colaborar co D.O.
- Atender e coidar, xunto co resto de profesores/as do centro, ós alumnos en períodos de recreo e noutras actividades non lectivas.
- Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das características e problemas específicos.
- Colaborar cos demais titores/as no marco dos proxectos educativo e curricular de centro.

## **6. ESTRUCTURA E PLANIFICACIÓN DO PAT**

<b>ASPECTO</b>	<b>INDICADORES</b>
Estructura e planificación	<ul style="list-style-type: none"><li>• Explicitación das bases psicopedagógicas do PAT</li><li>• Grado de adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades e características do centro.</li><li>• Grado de especificidade dos obxectivos, contidos e actividades para cada etapa e nivel.</li><li>• Valoración da selección de actividades.</li><li>• Valoración da metodoloxía proposta.</li><li>• Valoración da organización.</li><li>• Valoración dos recursos previstos.</li><li>• Previsión dun sistema de axuste inicial ás carencias e dificultades detectadas.</li><li>• Coordinación e traballo do equipo implicado no PAT.</li><li>• Grao de participación dos participantes.</li></ul>

<b>ASPECTO</b>	<b>INDICADORES</b>
Desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none"><li>• Relación das actividades cos obxectivos e grao en que favorecen o seu logro.</li><li>• Interese das actividade.</li><li>• Adecuación dos recursos aplicados.</li><li>• Temporalización.</li><li>• Grao de cumprimento dos principios metodolóxicos e organizativos.</li><li>• Metodoloxía aplicada e procedementos seguidos.</li><li>• Intervención dos titores.</li><li>• Clima da aula.</li><li>• Participación do alumnado.</li><li>• Relación titor/a-familias.</li><li>• Cumprimento das funcións legais.</li><li>• Valoración da avaliación continua e revisión do Plan.</li></ul>



<b>ASPECTO</b>	<b>INDICADORES</b>
Eficacia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Logro dos obxectivos programados.</li> <li>• Grao de acerto no conxunto de decisións organizativas.</li> <li>• Actividades que despertaron maior interese.</li> <li>• Opinión e grao de satisfacción do profesorado.</li> <li>• Opinión e grao de satisfacción do alumnado.</li> <li>• Opinión e grao de satisfacción das familias.</li> <li>• Dificultades xurdidas.</li> </ul>

<b>FASE INICIAL</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporación das propostas de mellora na memoria final do curso anterior.</li> <li>• Planificación da avaliación.</li> </ul>	A comezo de curso.
<b>FASE CONTINUA</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os resultados parciais que se van obtendo serán o medio para comprobar a adecuación e priorización de obxectivos, enfoques metodolóxicos...</li> </ul>	Ó longo do curso.
<b>FASE FINAL</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os informes do titor/a, a análise das respostas ós cuestionarios, a observación da actuación e a valoración crítica constitúen, entre outros, a información necesaria que debe fundamentar unha posterior toma de decisións.</li> <li>• Toma de decisións para o curso seguinte.</li> </ul>	Ó final do curso.

## **7. AVALIACIÓN DO PAT**

Os diferentes equipos de profesorado reuniranse, logo das sesión de avaliación e información ás familias, para analizar cales foron as actuacións que se desenvolveron e cales foron as modificacións introducidas e as razóns das mesmas.

Ó final de curso os membros deste equipos realizarán unha valoración xeral do grao de satisfacción do PAT e informarán sobre aquelas cuestión que deban terse en consideración no desenvolvemento da acción titorial para o próximo curso.